

Xornadas de emprendemento e innovación en empresas de economía social no sector agroalimentario galego

Lugar: Centro de Promoción Rural - EFA Fonteboa. *Feiranova s/n, Coristanco (A Coruña)*

MÉRCORES, 17 DE XANEIRO

- 09:30h a 11:30h > *Emprendemento no sector agroalimentario. José Manuel Suárez*, socio director área emprendemento e aceleración en luni Strategic Marketers.
- 11:30h a 12:00h > Pausa café
- 12:00h a 14:00h > *O packaging como elemento dinamizador das vendas. A importancia dun bo packaging. Rosa Pumar*, directora xeral de Imaxe.
- 14:00h a 15:30h > Xantar
- 15:30h a 17:30h > *Pack different my friend!... Fundamentos do márketing e comunicación. Xosé Luis Reza*, presidente do Clúster do Ecommerce de Galicia e presidente fundador de Markea e do Clúster da Comunicación de Galicia.

MÉRCORES, 24 DE XANEIRO

- 09:30h a 11:30h > *Tendencias en innovación do sector lácteo. Alfonso Pérez*, CEO de Foodtec.
- 11:30h a 12:00h > Pausa café
- 12:00h a 14:00h > Mesa redonda con entidades de economía social no sector lácteo:
Modera: **José Manuel Andrade**, director da Fundación Juana de Vega.
- José Manuel Rial, Granxa Moreira SC
 - Jessica Rey, CLUN
 - Melchor García, Coreber SCG
 - Jesús Alejandro Morales, Quesería de mi tierra
- 14:00h a 15:30h > Xantar
- 15:30h a 18:30h > Visita a Bico de Xeado (Bergondo).
Traslado en autobús incluído.

Estas xornadas enmárcanse no programa de actuación 2024 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social, que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Descrición

A xornada na EFA Fonteboa contará cunha parte sobre divulgación do emprendemento en economía social, centrado no sector agroalimentario, así como con charlas sobre aspectos innovadores para mellora da competitividade. Tamén haberá unha mesa redonda con cooperativas que aplican a innovación nos seus plans de negocio e finalizarase cunha visita a unha entidade de economía social da contorna.

Obxectivos

- Contribuír ao desenvolvemento da cultura do emprendemento e das habilidades innovadoras no sector da produción e da transformación de alimentos con modelos produtivos baseados na economía social que xeren no só impacto económico no medio, senón tamén un impacto social e ambiental positivo no territorio.
- Mellorar a competitividade das empresas agroalimentarias para:
 - Coñecer os elementos máis relevantes dun plan de márketing e a aplicación práctica dos principios básicos do márketing e da comunicación en calquera negocio.
 - Coñecer as novas tendencias de deseño e presentación de etiquetas e envases para as producións agroalimentarias.
- Crear sinerxías entre o centro educativo colaborador e as empresas agroalimentarias da zona, así como entre o alumnado do centro e o ecosistema empresarial da comarca.

A quen se dirixe?

PRODUTORES PRIMARIOS

locais que queiran incrementar a rendibilidade da súa explotación con novas ideas de negocio vinculadas a pequenas transformacións a escala artesanal para obter produtos alimentarios de calidade.

PROPIETARIOS OU TRABALLADORES DE PEMES AGROALIMENTARIAS

interesados en abordar novos desenvolvementos innovadores.

ALUMNOS E ALUMNAS DA ESCOLA PARTICIPANTE

que poden ser futuras persoas emprendedoras, ben como remuda das explotacións familiares ou como traballadores das entidades do sector agroalimentario.

Só 10 prazas dispoñibles



Máis info e inscricións:

info@juanadevega.org

juanadevega.org

[in](#) [X](#) [f](#) [@](#)